



DÚBIDAS FRECUENTES ACREDITACIÓN CDD

SETEMBRO 2024

Servizo de Programas de Formación
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
Xunta de Galicia



Contido

1	Introdución.....	3
1.1	Normativa de aplicación.....	3
1.2	Avisos.....	3
1.3	Diagrama explicativo do procedemento.....	3
2	FAQS.....	5
2.1	Prazo de solicitudes para acreditación CDD.....	5
2.2	Acreditación de oficio por roles e postos docentes.....	5
2.2.1	Acreditación de oficio:.....	5
2.2.2	Roles exercidos noutras CCAA.....	5
2.2.3	Especialidades con cambio de corpo.....	5
2.2.4	Recoñecemento da especialidade 590019 Tecnoloxía.....	5
2.2.5	Roles e postos docentes similares a TIC: coordinación de Polos creativos e coordinación do equipo do Plan Dixital.....	5
2.3	Acreditación por análise e validación das evidencias.....	6
2.3.1	Que son e que non son evidencias?.....	6
2.4	Acreditación CDD doutras CCAA.....	7
2.5	Outras cuestións:.....	7
2.5.1	Documentación acreditativa de roles.....	7
2.5.2	Prazos de entrega e duración do proceso.....	7

1 Introducción

1.1 Normativa de aplicación

[Marco de referencia da competencia dixital docente, MRCDD](#)

[Resolución de 1 de julio de 2022, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Educación sobre la certificación, acreditación y reconocimiento de la competencia digital docente.](#)

[ORDE do 1 de xuño de 2023 pola que se regula o procedemento para a acreditación da competencia dixital docente no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia](#)

[RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convocan diferentes procedementos para a obtención da acreditación da competencia dixital docente para o persoal docente non universitario dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia](#)

1.2 Avisos

Os procedementos de acreditación de CDD por recoñecemento de roles observables de oficio e avaliación de evidencias que se convocan na RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2024 **serán convocados de xeito iterativo neste curso e en cursos vindeiros**. A RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2024 abre un proceso de acreditación por vías diferentes á formación que pretende asentarse como algo **regular e habitual**, polo que, o feito de non ter chegado a tempo a esta convocatoria ou non ter acadados neste momento todos os méritos que conducirían ao recoñecemento dun nivel concreto, non supón nada máis que ter que agardar un tempo á convocatoria seguinte.


A previsión é que **esta convocatoria se replique dúas veces por curso** académico.

As persoas solicitantes **sen acceso a <https://www.edu.xunta.gal/fprofe/> (conta @edu.xunta.gal)**, deberán cursar a súa solicitude por sede electrónica cun procedemento xenérico dirixido ao Servizo de Programas de Formación da DX de Centros e RRHH **para obter acceso ao proceso paralelo semellante ao que se describe a seguir**.

1.3 Diagrama explicativo do procedemento

A seguir amósase un diagrama coas posibilidades de acreditación neste procedemento.

Primeiro paso: comprobar nivel CDD acreditado en fprofe



BOE» núm. 166, de 12 de julio de 2022



DOG ORDE do 1 de xuño de 2023

2 FAQS

2.1 Prazo de solicitudes para acreditación CDD

O prazo para facer a solicitude inscribíndose na actividade **Acreditación CDD** en **Fprofe** remata o **30 de setembro** (centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería para recoñecemento de títulos oficiais que habiliten para a profesión docente e acreditación por análise e validación das evidencias). Na actividade daranse instrucións de entrega de documentación requerida e evidencias e prazos de entrega.

A acreditación de oficio non precisa solicitude, faise automaticamente.

Haberá máis convocatorias para acreditar a CDD ao longo do curso.

2.2 Acreditación de oficio por roles e postos docentes

2.2.1 Acreditación de oficio:

A acreditación de oficio será realizada pola Consellería tendo en conta a información que obra en poder da Consellería sobre o desempeño de roles/postos docentes e méritos que constan no expediente electrónico do docente. Non é preciso facer solicitude. A meirande parte dos roles xa se foron cargando en fprofe mais o proceso informático está aínda en marcha.

2.2.2 Roles exercidos noutras CCAA

A acreditación de oficio será realizada pola Consellería **tendo en conta a información que obra en poder da Consellería** sobre o desempeño de roles/postos docentes e méritos que constan no expediente electrónico do docente.

2.2.3 Especialidades con cambio de corpo

As especialidades que se recollen no anexo I da resolución do 5 de xullo teranse en conta independentemente do corpo.

2.2.4 Recoñecemento da especialidade 590019 Tecnoloxía

Recoñecerase con B2 ao profesorado do corpo e especialidade 590019 Tecnoloxía.

2.2.5 Roles e postos docentes similares a TIC: coordinación de Polos creativos e coordinación do equipo do Plan Dixital

Recoñecerase con nivel C1 ao persoal docente que desempeñara **polo menos 2 anos** as funcións de **coordinación do Polo creativo** e a **coordinación do equipo de dinamización do Plan Dixital** en cada centro por considerarse similares á coordinación TIC.

2.3 Acreditación por análise e validación das evidencias

2.3.1 Que son e que non son evidencias?

2.3.1.1 Son evidencias:

Para nivel C1:

- Os premios nominais outorgados polas administracións educativas.
- As publicacións con NIPO e/ou ISBN, ISSN, DOI ou URL.
- A participación en proxectos colectivos de investigación e de innovación.
- A documentación xustificativa para os postos e roles recoñecidos de oficio pola Administración, e que esta non puidese realizar por carecer da documentación precisa.
- Calquera outra evidencia que acredite o nivel C1

Para nivel C2:

- Os premios nominais outorgados polas administracións educativas.
- As publicacións con NIPO e/ou ISBN, ISSN, DOI ou URL.
- A participación como relator/a en congresos de ámbito autonómico, nacional e internacional.
- A coordinación e autoría de proxectos de investigación e de innovación educativa.
- Os recoñecementos por parte das administracións educativas de implementar melloras significativas no ámbito educativo.
- Currículo para avaliar a traxectoria profesional.
- Calquera outra evidencia que acredite o nivel C2.

2.3.1.1 Non son evidencias ou non son susceptibles de recoñecemento

- Aquelas que acrediten o nivel C1 e C2 estudos universitarios ou doutro tipo

independentemente do contido, posto que son formación recibida e só se recoñecen ata nivel B2

- Aquela que acredite o nivel C1 e C2 o desenvolvemento de desempeño de calquera rol que tivese acreditación en B2 polo feito de terse levado a cabo máis anos ca os mínimos requiridos (2 anos de dirección é un B2, 8 anos tamén é un B2, non un C)
- Aquelas que acrediten o nivel C1 e C2 os cursos realizados noutras CCAA, no INTEF, entidades privadas...
- **Non son susceptibles de recoñecemento** en Competencia Dixital **Docente** aquelas formacións, premios, investigacións que non teñan relación coa **función docente**. Ex: se teño unha enxeñaría en telecomunicacións non será posible xustificar con ela ningún nivel de **CDD**, se grazas a eses estudos puiden elaborar materiais curriculares para especialidades concretas de FP (p.ex.), eses materiais si poderían ser achegados como evidencias para unha posible acreditación de nivel C en CDD.

2.4 Acreditación CDD doutras CCAA

Só se recoñecerán niveis **completos** da CDD acreditados por outra comunidade. Enviar o documento xustificativo a acreditacioncdd@edu.xunta.gal con asunto "acreditación outras CCAA" e integrarase automaticamente en Acreditacións (FProfe)

2.5 Outras cuestións

2.5.1 Documentación acreditativa de roles

No caso de ser unha función que xa debería ter sido recollida no seu expediente persoal e non estea, deberá solicitar polas vías previstas á administración correspondente a súa inclusión no mesmo.

Se a función si que consta en persoal pero non recibiu a acreditación correspondente, deberá enviar un correo explicativo dirixido a acreditacioncdd@edu.xunta.gal a partir do 27.09.2024

2.5.2 Prazos de entrega e duración do proceso:

- O prazo de **inscrición** da actividade "Acreditación CDD" en Fprofe **remata o 30.09** e nela se desenvolverá o proceso de acreditación.
- A actividade asociada en Platega abrirá os días seguintes ao peche da inscrición e permanecerá aberta ata que peche o proceso relacionado con esta convocatoria.
- Os prazos para achegar a documentación, portafolios e demais virán marcados polas diferentes tarefas dentro da propia aula virtual.
- As persoas que se inscribisen e xa teñan recoñecido o nivel que pretendían acreditar por este procedemento, poderán anular a súa inscrición ata o día 30 ou unha vez seleccionadas, renunciar á súa participación no mesmo.